

RESOLUCIÓN REITORAL DE CONCESIÓN DIRECTA DE BOLSAS A ESTUDANTES DE MÁSTER UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025 EN VIRTUDE DO CONVENIO ASINADO COA FUNDACIÓN CAROLINA

A Lei 6/2013 establece como obxectivo das universidades galegas o estreitamento de relacións de intercambio e colaboración con centros de educación superior do ámbito internacional con especial atención a Iberoamérica.

A Axenda 2030 recolle entre os seus obxectivos a consecución de sociedades máis pacíficas e seguras a través do cambio institucional e a innovación social. A Universidade de Vigo e a Fundación Carolina, comprometidas cos obxectivos da Axenda 2030, teñen asinado un convenio para a formación en España de licenciados/as con capacidade académica ou profesional avalada por un currículo excelente procedentes de países de América Latina membros da Comunidade Iberoamericana de Nacións.

Visto o Convenio subscrito pola Universidade de Vigo e a Fundación Carolina para o fomento da formación especializada en áreas que son de interese común a ambas institucións.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

Esta Reitoría resolve conceder con carácter excepcional en réxime de concesión directa, en atención ao interese público e social do seu obxecto, 4 bolsas de acordo co disposto na *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, e coas seguintes bases:

1. Obxecto

Estas bolsas teñen por obxecto compensar o custo da realización dos estudos de Máster universitario na Universidade de Vigo no curso 2024/2025 a alumnado procedente de países de América Latina membros da Comunidade Iberoamericana de Nacións e participantes no programa de bolsas da Fundación Carolina, agás España, Portugal e Andorra.

Concédese:

- 2 bolsa para cursar estudos de Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social
- 1 bolsa para cursar estudos de Máster en Mecatrónica
- 1 bolsa para cursar estudos de Máster en Enxeñaría de Automoción

2. Procedemento de concesión

A bolsa regulada nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa en aplicación do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, por concorrer razóns de interese público e social.

Os requisitos que se teñen en conta son:

- Ser nacional dalgún país da Comunidade Iberoamericana de Nacións agás España, Portugal, Andorra. Así mesmo no caso do máster en Mecatrónica polo menos unha das persoas destinatarias das becas debe ser nacional e residente nun dos cinco países centroamericanos



destinatarios desta bolsa (Costa Rica, El Salvador, Guatemala, Honduras ou Nicaragua).

- Non ter residencia legal en España.
- Estar en posesión do título de grao ou equivalente que permita o acceso aos estudos do máster universitario
- Cumprir os restantes requisitos esixidos na convocatoria da Fundación Carolina.
- Ter formalizado á solicitude de bolsa a través da web www.fundacioncarolina.es nos prazos establecidos na convocatoria e achegar a documentación esixida.

A selección foi efectuada por un Comité avaliador:

- No Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social formado por
 - Aurora Caballero Alemany, como representante da Fundación Carolina,
 - Helena Martínez Hens e Teresa Estévez Abeleira, como representantes da Universidade de Vigo
 - Sergio Tezanos Vázquez como especialista independente.
- No Máster en Mecatrónica formado por
 - Aurora Caballero Alemany, como representante da Fundación Carolina,
 - Enrique Paz Domonte, como representante da Universidade de Vigo
 - Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós como especialista independente.
- No Máster en Enxeñaría de Automoción formado por
 - Aurora Caballero Alemany, como representante da Fundación Carolina,
 - Ángel Vilán, como representante da Universidade de Vigo
 - Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós como especialista independente.

A selección realízase en base a criterios de nota media do expediente académico e a idoneidade da formación e experiencia previa.

Serán beneficiarias desta subvención as seguintes persoas:

- **Melvin Josué Cáceres Quijano**, de nacionalidade salvadoreña, e alumno do máster en Mecatrónica.
- **Karla Julissa Parada Flores**, de nacionalidade salvadoreña e alumna do máster en Menores en situación de desprotección e conflito social
- **Lidice Valdés Cruz**, de nacionalidade cubana e alumna do máster en Menores en situación de desprotección e conflito social
- **Patricia Padilla Valencia** de nacionalidade mexicana, e alumna do máster en Enxeñaría de Automoción

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Dotación e pagamento.

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación 2024 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 3.710€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.



2. O importe da bolsa cubrirá o importe total dos prezos públicos de matrícula, académicos e administrativos. A contía máxima de cada bolsa será:

- 1.510€ para cursar estudos de máster en Menores en situación de desprotección e conflito social
- 1.100€ para cursar estudos de máster en Mecatrónica
- 1.100€ para cursar estudos de máster en Enxeñaría de Automoción

3. O pagamento dos prezos públicos realizarase mediante o procedemento de pago en formalización para aqueles estudantes que teñan importes de matrícula pendentes de aboar.

4. Incompatibilidades

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para o mesmo fin.

5. Obrigas da persoa beneficiaria.

As persoas adxudicatarias da bolsa quedarán obrigadas

- a participar nas actividades académicas ao longo de todo o curso, entendendo como tales a asistencia presencial a clase, a realización das probas e exames das materias nas que se atopan inscritas e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación.
- No caso de solicitar algunha outra subvención para a mesma finalidade deberá comunicalo á Sección de Axudas e Bolsas.

As persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lles sexa de aplicación.

6. Reintegro da axuda e perda do dereito de cobro total ou parcial

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- 1) Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- 2) Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- 3) Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

7. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de*



subvencións de Galicia.

8. Protección de datos

Os datos persoais recollidos no expediente de tramitación teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da formación, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

Información sobre a política de protección de datos en

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 25/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Extensión Universitaria
Susana Reboveda Morillo

